



## COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

CIRCULAR Nº 11/2021  
ACORDO DA XUNTA DIRECTIVA

---

Asunto: **CRITERIOS DE ELABORACIÓN DA PROPOSTA DE XURADO DO CAMPIONATO DE ESPAÑA MASTER OURENSE 2021**

Os vindeiros 26 a 28 de novembro de 2021 celebrarase en Ourense o Campionato de España Master de pista cuberta. O campionato celébrase en xornada de tarde o venres 26, dobre xornada o sábado 27 e en xornada de mañá o domingo 28 de novembro.

A aprobación final do xurado compete ao Comité Nacional de Xueces pero o Comité Galego de Xuíces será o que faga a proposta ao CNJ para a aprobación da mesma.

O CGX, sendo consciente do atractivo desta proba, e tendo en conta que é unha proba de 4 xornadas nas que poden actuar sobre uns 35 xuíces por xornada, considera necesario dispor duns criterios escritos aprobados pola Xunta Directiva do CGX de cara a elaborar a dita proposta de xurado.

Os criterios descritos a continuación foron aprobados por unanimidade na xunta directiva do CGX celebrada o pasado 9 de outubro de 2021 en Pontevedra e terán validez en todas as edicións do campionato de España master de pista cuberta a celebrar en Ourense, agás aprobación duns criterios novos por parte da xunta directiva do CGX.

### **Xuíces en Postos de Especialistas**

- **Equipo de Saídas:** Serán nomeados a proposta do responsable de saídas do CGX tendo en conta os criterios da Comisión de Saídas do CNJ. Os xuíces terán que ser membros dos paneis RFEA de saídas ou do panel autonómico de saídas.
- **Operadores de EDM:** Serán nomeados a proposta do responsable de EDM segundo as necesidades trasladadas pola RFEA para o uso dos equipos. Os xuíces terán que ser membros do panel autonómico de EDM.
- **Operadores de Foto Finish:** Serán nomeados a proposta do responsable de Foto Finish dependendo do número de equipos a utilizar. Os xuíces terán que ser membros dos paneis RFEA de xuíces xefe de foto-finish.
- **Equipo de Dirección Técnica:** Serán nomeados a proposta do responsable de dirección técnica do CGX tendo en conta os criterios da Comisión de Dirección Técnica do CNJ. Os xuíces terán que ser membros dos paneis RFEA de dirección técnica.
- **Xuíces de Marcha:** Serán nomeados a proposta do responsable de marcha do CGX tendo en conta os criterios da Comisión de Marcha do CNJ. Os xuíces terán que ser membros dos paneis RFEA de marcha.

Os xuíces seleccionados nos postos de especialistas polo responsable escolleranse independentemente da súa categoría.



### **Xuíces do xurado xeral**

Os criterios para a elaboración do xurado teñen en conta os seguintes principios xerais:

- Os xuíces xefes de proba e os xuíces en postos críticos deberán ser xuíces nivel 3.
- Priorizarase a categoría de xuíz nivel 2 fronte a nivel 1 de cara a motivar aos xuíces a ascender a dita categoría, o que é beneficioso para o comité galego de cara a mellorar a calidade e coñecementos dos xurados.
- Ante igualdade de categoría, priorizarase aqueles xuíces que colaboran con regularidade tanto nas probas da súa delegación como aqueles que se desprazan a outras delegacións, así como aqueles xuíces que colaboran impartindo cursos de formación.
- O CGX terá en conta durante a elaboración do xurado, ademais destes principios, o principio de redución de custos de desprazamento e de pernoctacións.

Tendo en conta estes principios descritos, os criterios de convocatoria dos xuíces para formar parte do xurado xeral serán os seguintes:

- **Todos os xuíces NIVEL III de Galicia e os xuíces NIVEL II de Ourense:** Serán convidados a actuar nas 4 xornadas todos os xuíces nivel III e os xuíces nivel II da delegación de Ourense con licenza dilixenciada na FGA e con actuacións en probas da FGA na tempada 2021 que así o desexen. Aqueles xuíces de fora da delegación de Ourense que actúen venres, sábado e domingo poderán aloxarse no aloxamento que provea a organización compartindo habitación dobre.
- **Todos os xuíces NIVEL II de Galicia e os xuíces NIVEL I de Ourense:** Serán convidados a actuar nun dos días (venres, sábado ou domingo) todos os xuíces nivel II e todos os xuíces nivel I da delegación de Ourense con licenza dilixenciada na FGA e con actuacións en probas da FGA na tempada 2021 que así o desexen. Estes xuíces, ao actuar soamente nun día, non terán dereito a aloxamento debendo viaxar o mesmo día.
- **Xuíces NIVEL I de fora da delegación de Ourense:** Poderán ser convidados a actuar os xuíces nivel I de fora da delegación de Ourense cando os xuíces dos puntos anteriores non cubran a totalidade dos postos do xurado. Os criterios para a selección dos mesmos terán en conta aqueles xuíces que teñen colaborado co CGX impartindo cursos de formación e aqueles xuíces que actuaron en máis ocasións fora da súa delegación, a petición do CGX, para axudar nos xurados de probas autonómicas.



## **Procedemento de solicitude de dispoñibilidade**

A solicitude de dispoñibilidade aos xuíces farase por parte do secretario do CGX coa antelación necesaria tendo en conta os requisitos do CNJ e de necesidades loxísticas.

Na primeira solicitude pedirase confirmación de dispoñibilidade para cada xornada sendo esta primeira solicitude orientativa.

Unha vez recibidas todas as respostas, o CGX elaborará a proposta de xurado e enviará petición de confirmación definitiva aos xuíces escollidos. Esta petición definitiva é vinculante.

Non se admitira, baixo ningún concepto, ningunha resposta fora do prazo informado polo secretario do CGX na petición de dispoñibilidade ou confirmación. A non resposta ou resposta fora de prazo será considerada unha renuncia a actuar no campionato.

Os xuíces que, unha vez confirmada a súa participación definitiva, renuncien a acudir ao campionato, deberán xustificar a súa renuncia, sendo os únicos motivos aceptables de renuncia os asuntos familiares, laborais ou por enfermidade debidamente xustificadas. Toda renuncia non xustificada poderá ser motivo de non convocatoria deste xuíz a vindeiros campionatos de España a celebrar en Galicia a criterio da xunta directiva do CGX.

A xunta directiva do CGX resérvase a posibilidade de non convocar aqueles xuíces ou xuízas que fosen expulsados do xurado en anteriores competicións.

A xunta directiva do CGX resérvase a posibilidade de convocar a xuíces nivel 1 e 2 en máis xornadas das que lle corresponden segundo necesidade do xurado.

Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces

*Aprobado por unanimidade pola Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces na xuntanza celebrada en Pontevedra o 9 de outubro de 2021*